

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D.
Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia,
sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia sobre
os efectos da política económica do seu Goberno na evolución
do emprego en Galicia**

A señora PRESIDENTA: Pregunta do portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia sobre os efectos da política económica do seu Goberno na evolución do emprego en Galicia.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente, un dos principais obxectivos contraídos polos socialistas galegos nas pasadas eleccións autonómicas foi a aposta por un novo modelo de política económica que fixera

 Grupo Parlamentario

frente ao principal problema e desafío que tiña o conxunto da nosa sociedade, que era o problema do desemprego e era o problema da expulsión de miles de xóvenes a traballar a outras comunidades autónomas ou rexións de España e do resto de Europa porque en Galicia non atopaban espacio de oportunidade para a súa inserción no mundo laboral.

Esas prioridades e eses obxectivos foron tamén contraídos polo Goberno ao seu inicio, o Goberno da Xunta de Galicia, facendo unha aposta clara pola educación, a formación e a investigación, e tamén por un establecemento dun crecemento sustentable e establecemento tamén dun modelo de equilibrio territorial para o conxunto do noso país, co obxectivo de facer fronte a ese grande problema que tiñamos como país, facer fronte a esas grandes dificultades que tiñamos o conxunto dos galegos e as galegas.

Van a cumprirse, señor presidente, dous anos despois de que os galegos e as galegas apostaran por aquel modelo, por aquel compromiso que os socialistas adquiríamos con eles e que adquireu tamén o Goberno dende a súa investidura neste Parlamento. E ese é o motivo, señor presidente, polo que

gustaríanos saber de vostedes qué valoración fai como presidente da Xunta de Galicia dos efectos da política económica do seu Goberno sobre a evolución do emprego no noso país.

Nada máis e moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Gracias, señora presidenta.

Señoría, aproveito para facer unha avaliación diante da Cámara: a economía galega marcha a toda presión; Galicia crece a maior ritmo que España, avanza na senda da converxencia con Europa, lidera a xeración de emprego, incrementa a produtividade das súas empresas, mellora a competitividade exterior e está seducindo aos emprendedores.

Estas afirmacións están avaladas polos datos do Instituto Galego de Estadística e do Insituto Nacional de Estadística, que agora son exactamente os mesmos.

Na converxencia, Galicia medra máis que España e España máis que Europa. Converxemos nesta época de expansión.

A economía galega medrou no 2006 un 4,1%, oito décimas máis que no 2005, dous décimas máis que a media española. É a maior taxa de crecemento dende o ano 2000. Nos dous últimos anos estase acelerando o ritmo de crecemento: 3% a principios do 2005; 4,2% no primeiro trimestre deste ano. Estamos diante da taxa de crecemento máis elevada dos últimos seis anos. Está mellorando a renda per cápita e está pesando máis a economía galega no conxunto da economía española. Estamos a reducir, pois, o diferencial de renda e converxendo.

Crecedemento equilibrado. O crecedemento de Galicia é sectorialmente equilibrado, crece a industria, crece a construción e crecen os servizos. As ramas industriais medraron un 5% o ano pasado, tres puntos máis que no ano 2005. O incremento do índice de produción industrial de Galicia duplicou o rexistrado pola economía española no ano 2006. A construción –e quero referirme con certo grado de claridad a este tema– medrou o ano pasado un 4,3%; agora, neste primeiro trimestre, o está a facer a un ritmo do 4,7%.

Aqueles que malinterpretaron as impacto das medidas de protección do territorio deben rectificar. Hai anos que a

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

construción non demostraba tanta vitalidade neste país. Non debemos de confundir o rexistro de compra-venta, o rexistro notarial de compra e venda, onde o mercado determinante nun 60% é o mercado de vivenda usada, que, por tanto, afecta ás expectativas fundamentalmente e en boa medida especulativas, con o incremento da construción de vivenda, que creceu o ano pasado sobre o anterior nun 17%; 17% de incremento da construción de vivenda. Os crecementsos de vivenda neste trimestre, por certo, continúan nun ritmo de crecemento razoable, aceptable e importante, preto do 5%.

Os servizos destinados ao mercado medraron no 2006 un 4%, o índice xeral de cifra de negocios crece a un ritmo anual próximo ao 11%, o comercio a un ritmo anual, interanual, do 5% e o turismo recuperouse no ano 2006 e igualou as cifras do Xacobeo do ano 2004.

Competitividade. Galicia é cada vez máis competitiva e mercados cada vez máis esixentes. As exportacións galegas medraron un 15% nos últimos doce meses, case o dobre que as exportacións españolas. O déficit comercial reduciuse nunha cuarta parte.

En resumo, e concluyo, a transformación do modelo de desenvolvemento económico de Galicia está a dar resultados; Galicia medra sobre bases sólidas e os indicadores certifican un excelente clima de confianza empresarial.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor presidente.

Lle prego, lles prego silencio, por favor.

Ten a palabra o señor Rego González para o seu turno de réplica.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Moitas gracias, señor presidente.

Non poido deixar de constatar, señor presidente, e de afirmar diante desta Cámara que despois dos datos que acaba de ofrecer me vén á mente o seu compromiso e a súa afirmación dende a tribuna deste Parlamento no seu debate de investidura, donde vostede invitaba aos galegos e ás galegas a non poñer límites nin establecer límites sobre as súas posibilidades, sobre as grandes posibilidades que tiñamos como pobo para facer frente aos problemas que sen duda tamén tiñamos. Son unhas palabras e unhas afirmacións que veñen moi ben hoxe aquí para contrastar e

poñer en valor cos datos que vostede acaba de ofrecer. Porque eso serviralles ao conxunto dos cidadanos e cidadanas do noso país para tamén saber que tiñan esas posibilidades, e cando en Galicia tiramos todos na mesma dirección, liderados con claridade e con contundencia polo seu Goberno, somos capaces de poñer ao servizo dos intereses do país pois toda a capacidade emprendedora dos galegos e das galegas que, como acaba de demostrarse, é moita.

Triunfou, señor presidente, a súa aposta polo diálogo social. Triunfou, baixo o noso punto de vista, a súa aposta pola cooperación e a lealtade institucional co Goberno do Estado, coa Unión Europea, cos concellos e co conxunto das administracións que operan no territorio de Galicia.

Polo tanto, é un bo momento para facer un balance, pero tamén é un bo momento para reforzar esa aposta que ten triunfado con claridade e que tan bos resultados deu para o noso país. Eu penso que é un bo momento para seguirlle facendo a invitación aos galegos que vostede fixo dende o debate de investidura de que non poñamos límites ás grandes posibilidades que temos aínda de afondar máis en solventar ese gran problema

 Grupo Parlamentario

que tínhamos e que hoxe pouco a pouco vamos deixando de ter, que era a lacra do paro e a inserción laboral dos xóvenes e das mulleres na nosa terra.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nada máis e moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Rego.

Señor presidente, ten vostede a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Gracias, señoría.

Quixera facer unha reflexión un pouquiño máis de fondo, se podíamos chamala así, porque por enriba, loxicamente, ou por debaixo dos indicadores que acabo de poñer enriba da mesa, que son do Instituto de Estadística Galego e Español, hai cinco indicadores moi significativos que revelan a fortaleza do crecemento económico e de que estamos a xerar, efectivamente, entre todos –e quero agradecer o comportamento dos axentes sociais e económicos–, un novo modelo de desenvolvemento que se empeza a albiscar no noso país. Porque, en primeiro lugar, a economía galega mellorou a súa produtividade media no 1%. No resto de España descendeu o índice de produtividade. En Galicia, xa que logo, non só creceu o número de traballadores, senón

 Grupo Parlamentario

que tamén aumentou a capacidade de xerar riqueza por cada traballador.

Ese indicador suxire que as empresas están mellorando os seus sistemas produtivos e que Galicia estase a especializar en sectores de maior valor engadido.

En, segundo, unha boa parte dos novos proxectos empresariais estanse levando a cabo en sectores estratéxicos: automoción, téxtil, enerxía renovables.

En terceiro lugar, as exportacións que máis están crescendo son as de elevada compoñente tecnolóxica. Por exemplo, as exportacións de manufactura alta e media alta medraron máis do 25% nos últimos doce meses. Estamos crescendo cunha reducida taxa de inflación. En abril deste ano, 2% de taxa interanual. Isto convirte a Galicia nunha comunidade que tamén está competindo ben no terreno dos precios.

E o emprego que se está creando –esto me parece crucial, estou seguro que o comparte toda a Cámara–, é de maior calidade que no pasado. O forte aumento da contratación indefinida corrobora esta análise.

A evolución do emprego está sendo satisfactoria non só dende o punto de vista cuantitativo, senón cualitativo. Estase a crear máis emprego, estase a acadar maior estabilidade e, sobre todo, estase a crear emprego feminino e xuvenil.

Galicia crea emprego, 34.100 novos postos de traballo no 2006; 93 cada día; Galicia reduce a taxa de paro: menos do 9% da poboación activa, unha das taxas máis baixas dos últimos vinte e cinco anos. Cada día 41 galegos abandonan as filas do paro.

Quero volver a reafirmar esa ambición de país: o pleno emprego é posible. O que parecía un sono é algo que, se seguimos na dirección correcta, podemos alcanzar no horizonte dos próximos anos. Galicia incorpora novos efectivos ao mercado laboral; 30.000 novos activos, 88 cada día. Temos ao redor no país, neste momento, 1.280.000 activos; a máxima cifra dos últimos trinta anos. A taxa de actividade sitúase así no 54%. E Galicia incrementa a afiliación da Seguridade Social, máis de 40.000 afiliados en doce meses. É unha das comunidades autónomas con maior taxa de incremento da Seguridade Social. Incrementa a contratación indefinida. Medraron os contratos

Grupo Parlamentario

indefinidos nun 45% nos últimos doce meses. E mellora a situación dos colectivos máis desfavorecidos: as mulleres e a xente moza.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No pasado mes de maio o paro descendeu en 4.167 mulleres en relación co mes anterior. De cada doce persoas que saliron das listas de desemprego, nove son mulleres. Respecto aos mozos, un de cada catro parados no 2006 está agora traballando.

Hai, pois, unha tendencia extraordinariamente positiva, que é o resultado dun esforzo conxunto da sociedade galega; reitero, da sociedade galega. Confirma que debemos de ter confianza nese obxectivo ambicioso de buscar o pleno emprego e sabemos que Galicia é, ademais, unha rexión prioritaria do Fondo Social Europeo –concluyo, señoría–, e durante os vindeiros sete anos a nosa comunidade recibirá 123 millóns de euros do Fondo Social Europeo para que podamos traballar activamente na dirección de acadar o nivel de renda e de emprego similar á media europea no ano 2013.

Non queremos desconfianza, senón todo o contrario, a partir do análise real da realidade. A vivenda nova creceu neste trimestre 2007 –falo en tempo real–, sobre o trimestre anterior

 Grupo Parlamentario

equivalente, primeiro trimestre do ano 2006, un 14,6%; a vivenda usada foi a que realmente tuvo un efecto non tan potente ou positivo, pero, en todo caso, estamos diante dunha marcha que creo que confirma que estamos a traballar entre todos na dirección correcta.

Nada máis, moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor presidente.